Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Calendario

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Máscaras de Entroido: Madamitos e Madamitas

Localización: Cotobade (Pontevedra)[1].

Vixencia: Desaparecida

Mozos e mozas, bos e boas bailadoras. Cobren a cara con careta e visten o mellor traxe que teñan na casa. De adorno levan un faixa atravesada, adórnanse con aneis e algunha cadea de ouro. Van en parella (Madamito e Madamita) e bailan onde se forma a foliada. Aparentan seriedade, gardan as formas en contraste coa informalidade propia do resto das máscaras. Acompañan, en número variable, a comparsa denominada Momada.

[1] Fraguas 1930: 87 e ss.

BIBLIOGRAFÍA

Fraguas Fraguas, A. (1930): «O entroido nas terras do Sul de Cotobade», en Nós, Boletín mensual da Cultura Galega, nº 77, 15 de maio de

1930.